

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/54-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARIAS DE FERROL, MUGARDOS E BARALLOBRE	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	ZAMBURIÑA	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	LIBRE MARISQUEO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	EMBARCACIÓN (RASTRO DE VIEIRA)	

<b>Especies</b>	Zamburiña ( <i>Chlamys varia</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Zona media da ría comprendida entre a liña imaxinaria que une punta Camposanto e punta. Leiras e a liña imaxinaria que une punta dos Castros e punta Caranza (agás as enseadas de Caranza e Cabana-A Malata)
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	17	40
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		42										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: dende embarcación</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	

Topes de captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé (Kg/mariscador/día)</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>(Tripulante enrolado e a bordo/día)</b>
Zamburiña	-	150 kg	50 kg

<b>Artes a empregar</b>	Rastro de Vieira (artigo 120 do Decreto 424/93)
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Embarcación de vixilancia
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Ferrol, Mugardos, Barallobre ou calquera outra autorizada.

<b>Accións a realizar<sup>(7)</sup></b>	<b>Épocas probables<sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembr</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



**XACOBEO 2010**  
Galicia

Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Zona de traballo:** O ámbito deste plan limitarase á zona de libre marisqueo da parte media da Ría de Ferrol, correspondente ao GAL-03/04, clasificada como zona B estable para a produción de moluscos bivalvos na Orde do 19 de xullo de 2010, pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: parte media da ría comprendida entre a liña imaxinaria que une punta Camposanto e punta Leiras e a liña imaxinaria que une punta dos Castros e punta Caranza, agás as enseadas de Caranza e Cabana-A Malata.

**Especies:** zamburiña e especies acompañantes, excepto aquelas que se autoricen no plan de explotación específico de marisqueo dende embarcación na ría de Ferrol, sempre e cando acaden a talla mínima legal e non estean en veda. A disposición adicional cuarta da Orde pola que se aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2011 establece que: “Os rastros remolcados definidos nos artigos 120 e 123 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, só poderán capturar un 10% das especies acompañantes, sempre e cando ditas especies non estean sometidas a un plan específico aprobado pola Consellería do Mar, cumplan coas tallas mínimas e non estean en veda.” Queda totalmente prohibida a extracción de vieira.

**Participantes:** O listado de embarcacións anexo ao plan inclúe un total de 17 embarcacións, coa arte “rastros de vieira” no seu permex, e 40 tripulantes: 10 asociadas á confraría de Ferrol, 2 asociadas á confraría de Barallobre e 5 asociadas á confraría de Mugardos, aínda que dispón que só 9 delas están interesadas en participar inicialmente neste plan: 2 de Ferrol, 2 de Barallobre e 5 de Mugardos, cun total de 21 tripulantes. Nas solicitudes de apertura mensuais, as entidades enviarán a relación de embarcacións e de tripulantes.

**Topes de captura:** En función das solicitudes de apertura mensual e dos participantes as cotas máximas de captura poderán ser revisadas co obxecto de axustalas ao esforzo pesqueiro real.

**Puntos de control:** Este plan establece como punto de control as embarcacións de vixilancia, aínda que non define nin a organización nin as normas destes controis, nin designa ás persoas responsables. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan. Recoméndase o establecemento de puntos de control nos lugares de descarga.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da aprobación do plan polos órganos de goberno das confrarías de Ferrol e Mugardos.
- Descrición do sistema organizativo e de funcionamento do punto de control e persoas responsables do mesmo.